

Resolución do 20 de xuño de 2018, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a elaboración das listas de agarda provisionais para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Peón, perfil Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais, Distritos I a XIX, pola que se aproban e se fan públicas as listas de agarda provisionais e se abre o período de reclamacións.

En sesión que tivo lugar o día 20 de xuño de 2018, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a elaboración das listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas resultantes do período de actualización de méritos, na categoría de Peón, perfil “Prevención/Defensa/Extinción contra incendios forestais”, Distritos I a XIX, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar e facer públicas as listas de agarda provisionais.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.6 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer públicas as listas de agarda de candidatos, no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais e puntuación.

Segundo.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as relacións de candidatos das listas de agarda.

De non haber reclamacións, as listas de agarda enténdense aprobadas definitivamente.

As reclamacións so poderán ser presentadas de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h e os venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela - A Coruña, ou de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgar. Cabanas – Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

O prazo de presentación de reclamacións remata o 27 de xuño de 2018.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2018.

A presidenta da Comisión de selección.



Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.